

DECRETO NÚMERO 13007546 DO 02/08/2013

Excmo. Sr. Don LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ.- Alcalde Presidente en funcións do Excmo. Concello.

Téndose asinado un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lugo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa e sendo preciso proceder á contratación de traballadores que integren as mesmas.

Visto o acordo nº 27/597, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil trece, polo que se delegou a competencia no Excmo. Alcalde do Concello de Lugo para a aprobación das Bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dez peóns condutores para a defensa contra incendios forestais, así como para a aprobación da designación dos membros integrantes do tribunal de dito procedemento selectivo.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do decreto número 13004761, do 15 de maio de 2013, e do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, **RESOLVE:**

Primeiro.- A aprobación da convocatoria e das bases para a contratación temporal de dez peóns forestais para a defensa contra incendios forestais, que a seguir se transcriben:

Prazas a convocar: 10 peóns forestais

Grupo: Agrupacións profesionais

Duración do contrato: Ata o 31 de outubro de 2013.

Obra ou servizo obxecto do contrato: Anexo I das presentes bases.

Xornada de traballo: Traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI, do carné de conducir B e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drbases10peonsbrigadaincendios.doc

Asunto: convocatoria e bases 10 peóns condutores brigada incendios

estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Estar en posesión do certificado de estudos primarios ou titulación superior ou equivalente.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.
- f) Estar en posesión do carné de conducir de tipo B.

2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse o Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia compulsada do DNI
- b.- Fotocopia compulsada do carné de conducir B
- c.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- d.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Consistirá en dúas fases:

- A) Realización dun suposto práctico que versará sobre estas materias:
- Incendios forestais: causas e propagación.
 - Labores preventivas na loita contra incendios forestais, vixiancia, as cuadrillas de retén.
 - Extinción de incendios forestais ferramentas e equipos desenvolvemento de extinción. Medidas precautorias para a seguridade das persoas.

Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuarase de 0 a 15 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 para superala.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais na Administración Local, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drbases10peonsbrigadaincendios.doc

Asunto: convocatoria e bases 10 peóns condutores brigada incendios

o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais noutra Administración Pública distinta da Local, con contrato ou nomeamento feito pola propia Administración, e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada no nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais en empresas públicas ou privadas e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza á que se opta.

- Se a maiores do título que se esixe estivera en posesión do título de graduado escolar, educación secundaria obrigatoria, formación profesional de 1º grao, ciclo medio ou equivalente: 0,25 puntos.
- Título de Bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drbases10peonsbrigadaincendios.doc

Asunto: convocatoria e bases 10 peóns condutores brigada incendios

- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

e) Coñecemento do galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

O resultado final do proceso selectivo será a suma da proba do parágrafo A (para aqueles que superen a mesma), co resultado do baremo de méritos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidente: Don José Cedrón Pérez , Sarxento de Bombeiros do Concello de Lugo.

Suplente : Don Miguel Vila López, Cabo-bombeiro do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don José Novo Pérez, Cabo- Bombeiro do Concello de Lugo.
Suplente: Don Fernando Pillado Millares, Bombeiro-Condutor do Concello de Lugo.
- Don Eduardo Barrio Fernández, Bombeiro-Condutor do Concello de Lugo.
Suplente: Don Fernando Díaz Roa, Bombeiro-Condutor do Concello de Lugo.
- Don Jesús Dorado Pin, Encargado de Vías e Obras do Concello de Lugo.

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drbases10peonsbrigadaincendios.doc

Asunto: convocatoria e bases 10 peóns condutores brigada incendios

Suplente: Don Fernando Pérez Masero, Traballador Social do Concello de Lugo.

Secretario: Don José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Mª Torre Abuín, Técnico de Xestión do Concello de Lugo.

ANEXO I:

De acordo co convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio rural e do Mar e o Concello de Lugo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa:

- As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 5 has nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora técnicamente posible, poderán quedar acordados.

ANEXO II:

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas (tal e como figura no convenio entre a Consellería de Medio rural e do Mar e o Concello de Lugo). Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores. En caso de non superar o curso o/a aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación.

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 13drbases10peonsbrigadaincendios.doc

Asunto: convocatoria e bases 10 peóns condutores brigada incendios

Segundo.- Que se proceda á publicación do presente decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que que contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.